CONCELLO DE RODEIRO

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 24 DE MARZO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

*ALCALDE:*
Don José Luís Camiñas Vázquez

*CONCELLEIROS/AS:*
Don Alberte Lamazares Casero
Dona Begoña Vázquez López
Dona Patricia Hermida Deza

*SECRETARIO:*
Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e catro de marzo de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as dez horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

## *1.- ACTA ANTERIOR*

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 16 de marzo de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

## *2.- LICENZA DE OBRAS*

- Paula Diéguez Salgado

ANTECEDENTES

1. Don Juan Carlos Bardelás Lamas, con DNI núm. [redacted], na representación que ostenta no presente expediente de Dona PAULA DIÉGUEZ SALGADO, con DNI núm. [redacted] e con

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, solicita con data 6 de maio de 2025 (RE-E núm. 302) licenza municipal para REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE, con emprazamento no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

2. Achégase proxecto técnico básico modificado redactado polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez, en data 17/01/26.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras non poderá exceder de dezaoito (18) meses.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como *“Solo urbano – Ordenanza núm. 3 – Edificación Mixta”* polo PXOM en vigor.
4. As obras proxectadas manteñen o uso residencial, totalmente permitido pola ordenanza urbanística aplicable á parcela, e teñen por obxecto a rehabilitación e reconstrución da edificación existente. Trátase, polo tanto, de intervencións consideradas como obras de mellora e reforma que non incrementan o volume orixinal da edificación e que preservan a tipoloxía da construción. En consecuencia, encádranse dentro das actuacións autorizables ao abeiro do artigo 89 das Normas Urbanísticas do PXOM.

CONCELLO DE RODEIRO

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

5. Trátase dunha edificación preexistente antes da aprobación definitiva do PXOM e que non resulta plenamente compatible coas súas determinacións, xa que estaba completamente construída ocupando a totalidade da parcela, polo que non cumpriría as condicións de parcela mínima nin edificabilidade impostas polas normas urbanísticas do PXOM, pero que non está incursa no réxime de fóra de ordenación establecido polo artigo 90 da LSG. O artigo 90.2 da LSG establece que corresponde ao planeamento urbanístico determinar o réxime aplicable a estas edificacións preexistentes. Neste sentido, resulta de aplicación o artigo 89 do PXOM, que cualifica a edificación como parcialmente incompatible co planeamento, permitindo nela a realización de actuacións tales como obras de mellora en xeral, ampliacións ou reformas, entre outras intervencións admisibles.
6. O inmoble sitúase na Praza de Oseira núm. 13 do lugar de Rodeiro e dispón da seguinte referencia catastral: 6425101NH8262N0001JK.
7. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de CENTO DEZASETE MIL NOVECENTOS SESENTA E SETE EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (117.967,61 €).
8. Constan asemade no expediente as seguintes autorizacións e/ou informes preceptivos de carácter sectorial:
   - Informe do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Pontevedra, de data 23/06/25, no que conclúe que, ao atoparse a edificación nun treito urbano fóra da zona de dominio público, non require de autorización sectorial (expediente núm. [redacted]).
   - Autorización, con condicionantes, do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en Pontevedra, de data 27/01/26 (expediente núm. [redacted] .
9. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

10. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
11. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
12. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dona PAULA DIÉGUEZ SALGADO licenza municipal para REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE, con emprazamento no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico modificado redactado polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez, en data 17/01/26, coas condicións especiais seguintes:

a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
c) En aplicación do artigo 143.4 da LSG, previamente ao inicio das obras deberá presentarse o proxecto de execución, redactado por

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional, xunto cunha comunicación previa e a documentación complementaria que proceda.

d) Previamente ao inicio das obras deberá aportarse ao Concello o nomeamento de director de execución de obra a cargo de técnico ou técnicos con atribucións legalmente establecidas para o tipo de obra obxecto da licenza.

SEGUNDO.- Autorizar a excepción no cumprimento das determinacións I.A.1.2 (*iluminación, ventilación e relación co exterior*) e I.A.3.2.2 (*espazos de almacenamento*) das Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia (NHV-2010).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de DOUS MIL TRESCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (2.359,35 €).

CUARTO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CINCOCENTOS OITENTA E NOVE EUROS ON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (589,83 €).

## *3.- APROBACIÓN DAS BASES E BAREMOS PARA A PROVISIÓN DE DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO SUBVENCIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026 (LIÑA 3)*

Dáse conta aos/ás Sres./as concelleiros/as presentes que a Deputación Provincial, por acordo da Xunta de Goberno de data 13 de febreiro do corrente, resolveu conceder unha subvención, por importe de 125.861,78 €, para a contratación laboral de doce (12) traballadores/as, de conformidade co solicitado por este órgano en data 16/01/26, ao abeiro das bases reguladoras e a convocatoria do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2026-2027 (BOP núm. 1, do 02/01/26). Cómpre, xa que logo, proceder nunha segunda fase á aprobación das bases para a provisión dos

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

seguintes postos de traballo dos doce subvencionados: dous (2) postos de traballo de técnico/a en educación infantil.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Aprobar as bases e o baremo de selección para a provisión de dous (2) postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2026, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

ANEXO

BASES E BAREMO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE 2 POSTOS DE TRABALLO FINANCIADOS AO ABEIRO DO PLAN MÁIS PROVINCIA, "PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO" 2026, DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Primeira.- Obxecto

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e criterios aplicables para a contratación, con carácter temporal, de 2 persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego, dentro da subvención concedida ao Concello por acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra de data 13.02.2026, ao abeiro da convocatoria das axudas e subvencións do *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027 (Plan Máis Provincia) (BOP núm. 1, do 02.01.2026).*

egunda.- Modalidade de contratación e característica da relación laboral

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de duración determinada para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (DA 9ª do RDL 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei de Emprego).

Denominación e número de postos ofertados:

- *2 técnicos/as en educación infantil: 25 h/semana*

Duración do contrato:

- *Técnicos/as en educación infantil: 8 meses e vinte e seis días*

Retribucións:

- *Técnicos/as en educación infantil: 980,40€ brutos mensuais, incluído o prorrateo das pagas extra.*

A duración establecida no anterior parágrafo queda condicionada ao requisito establecido na Base cuadraxésimo terceira das Bases Reguladoras do programa que financia esta axuda. Polo tanto, de producirse demoras nas datas previstas de incorporación, a duración do contrato deberá axustarse para non exceder a data límite fixada no 31 de decembro de 2026.

As retribucións brutas serán as aprobadas no acordo da XGL do 16.01.2026, polo que se aproba a solicitude de subvención á Deputación Provincial ao abeiro do *Plan Máis Provincia 2026/2027 – Liña 3: Activación do emprego 2026.*

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

A relación contractual rexerase pola lexislación laboral, sendo de aplicación o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da *Lei do Estatuto dos Traballadores* e a Lei 7/2007 de 12 de abril, do *Estatuto básico do empregado público*, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e demais normativa Estatal e autonómica.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

I) Requisitos xerais: serán os requisitos legalmente previstos, con carácter xeral, para o acceso ao emprego público:

a. Ser maior de 16 anos, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

c. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentencia firme para o exercicio de funcións públicas.

d. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

e. Non atoparse en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

II) Requisitos específicos:

a. De acordo co establecido nas bases reguladoras das axudas do Programa de activación do emprego da Deputación Provincial, publicadas no BOP do 2 de xaneiro de 2026, ditas axudas destinaranse á contratación laboral de persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados nas categorías/ocupacións referidas na base anterior e que estean dispoñibles para o emprego.

b. Formación académica:

Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación para os seguintes postos de traballo:

- *Técnicos/as en educación infantil (cno 2252): ciclo superior en F.P. en Educación Infantil*

Este será o perfil profesional que deberá ser requirido na oferta xenérica de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia

c. Acreditar a inexistencia de Delitos de Natureza Sexual mediante certificado expedido pola autoridade competente, segundo esixe a Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de *Protección xurídica do menor*, modificada pola Lei 20/2015, de *Modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e pola Lei 45/2015 do Voluntariado*. Este certificado poderá substituírse, na fase de presentación de instancias, por unha declaración xurada, sen prexuízo da súa acreditación obrigatoria con carácter previo á formalización do contrato.

Os requisitos deberán acreditarse debidamente nos prazos e termos sinalados nestas bases e os aspirantes deberán cumprilos na data de remate de presentación de instancias e mantelos ata a data de formalización dos contratos.

Cuarta.- Preselección de persoas candidatas e proceso de admisión

*a) Preselección de candidatos mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:*

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

O Concello presentará oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os aspirantes a ser contratados, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade a desenvolver, facendo constar a categoría profesional/postos a desenvolver. En todo caso, ditos criterios e requisitos específicos corresponderase co previsto, ao respecto, na base terceira, apartado II) das presentes bases, e non poderán conter, en ningún caso, elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación baseada en criterios persoais e/ou subxectivos e ao marxe dos principios de obxectividade e imparcialidade que deben guiar o presente proceso.

*b) Admisión de candidatos:*

A selección consistirá nunha valoración de méritos, que se desenvolverá da seguinte maneira.

1. No momento de acudir á cita marcada pola oficina de emprego para a presentación no Concello, os candidatos preseleccionados serán informados do procedemento selectivo para o cal se lles entregará unha copia das presentes bases.

2. As persoas aspirantes disporán de 5 días naturais, a contar dende o día seguinte ao que fosen seleccionadas pola oficina de emprego como candidatas a esta oferta, para presentar a seguinte documentación (no caso de se presentar na forma que determina o art. 16.4 da Lei 39/2015 do *Procedemento administrativo común das AAPP* o concursante deberá xustificar a data da imposición do envío e comunicalo no mesmo día ao Concello no correo aedl@rodeiro.gal):

- Instancia oficial que acompaña a estas bases.
- Carta de presentación no Concello remitida polo Servizo Público de Emprego.
- DNI ou NIE.
- Méritos alegados.

O sistema de selección a empregar consistirá nun concurso de méritos, no que se procederá á valoración dos méritos alegados polos diferentes candidatos, coa finalidade de valorar a adecuación e idoneidade dos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego para o adecuado desenvolvemento das funcións, contidos e actividades do posto obxecto de cobertura.

Quinta.- Tribunal

A composición do tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ter presente o criterio de paridade entre homes e mulleres. A pertenza a estes órganos é a título individual, non podendo ostentarse esa representación por conta de ninguén.

O tribunal estará formado polo presidente, o secretario e máis dous vogais. Os vogais deberán ter, como mínimo, o mesmo nivel de formación ca esixida para os postos que se convocan, ademais de posuír coñecementos específicos ou experiencia profesional nas materias que son obxecto do posto de traballo que se convoca. O secretario terá voz, pero non voto nas decisións que se acorden.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros ou dos seus respectivos suplentes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, naquelas probas que consideren necesario e/ou para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sixilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento das probas, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo o aconselle.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Desenvolvemento do proceso selectivo

Rematado o prazo de presentación da documentación reunirase o Tribunal nomeado ao efecto para a valoración dos méritos, podendo conceder un prazo de 1 día hábil adicional para emenda da documentación.

6.1 Méritos

Son méritos a valorar para a selección a maior adecuación ao posto de traballo e os aplicables polos criterios de preferencia que determina a convocatoria de axudas que financian estas contratacións na súa base cuadraxésima primeira.

A. Circunstancias sociais e persoais

- Situación de desemprego igual ou superior a 12 meses *0,60 puntos*

*Acreditase mediante informe dos períodos de inscrición expedido polo SPEG.*

- Maiores de 45 ou menores de 30 anos *0,50 puntos*

*Acreditase co DNI.*

- Vítima de violencia de xénero *0,40 puntos*

*Acreditarase coa certificación acreditativa da condición de vítima expedida polo Punto de coordinación das Ordes de Protección, ou organismo público equivalente.*

- Persoas candidatas que formen unha familia mono-parental de nai ou pai con fillos/fillas ao cargo *0,35 puntos*

*Acreditarase coa copia compulsada do Libro de Familia e certificado municipal de convivencia, ou copia compulsada da sentenza aprobatoria do convenio regulador da garda e custodia dos menores.*

- *Situación económica:*

  I. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 50% do IPREM *0,30 puntos*
  II. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 70% do IPREM *0,25 puntos*
  III. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao IPREM *0,20 puntos*

*Acreditase coa copia compulsada da última declaración de IRPF da unidade familiar. No suposto de non tela presentada, certificación negativa e de rendementos imputables expedida pola Axencia Tributaria. A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente e fillos menores de idade.*

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

B. Adecuación ao posto de traballo

- Por asistencia a cursos de formación ou perfeccionamento sobre materias relacionadas coas tarefas e funcións propias do posto o que se aspira, impartidos, homologados ou recoñecidos por organismos ou institucións públicas:

| | | |
|---|---|---|
| I. | Por cada curso de 10 a 20h: | *0,10 puntos* |
| II. | Por cada curso de 21 a 50h: | *0,20 puntos* |
| III. | Por cada curso de máis de 50h: | *0,30 puntos* |

*A acreditación dos cursos farase mediante a aportación do orixinal do título/diploma e soamente se admitirán cando conste no propio documento o número de horas.*

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

- Coñecemento da lingua galega:

| | | |
|---|---|---|
| I. | Celga 1: | *0,10 puntos* |
| II. | Celga 2: | *0,20 puntos* |
| III. | Celga 3 ou certificado de iniciación: | *0,30 puntos* |
| IV. | Celga 4 ou certificado de perfeccionamento: | *0,35 puntos* |

*Acreditarse coa copia do título que acredite o nivel acadado.*

En caso de posuír varios cursos, soamente se aplicará a puntuación do superior.

- Experiencia profesional
  - Por cada mes de traballo *0,10 puntos*

*A experiencia acreditarase mediante os correspondentes contratos laborais (ou de non telos co certificado de empresa) e informe de vida laboral. No caso de ter solicitado o informe de vida laboral e non dispor del no prazo de presentación de documentación, xuntarase a copia da solicitude debendo achegalo no prazo dos días de emenda. No suposto de traballos realizados en administracións públicas, poderá substituírse o contrato de traballo por un certificado expedido pola persoa con competencia en materia de persoal na que conste de forma fidedigna o tempo traballado, a categoría profesional desempeñada e as funcións exercidas. No caso dos servizos prestados no propio Concello de Rodeiro bastará que o solicitante autorice a incorporación ao expediente deste certificado, marcando a xanela correspondente.*

*Para a determinación do número de meses acreditados polos interesados calcularase o número de días que transcorren entre a data inicial do período de servizos alegados e a data final de este. O número de días obtido dividirase entre trinta, de forma tal que o cociente enteiro resultante desta división será o número de meses por servizos prestados acreditados polo interesado. Polo tanto, todos os meses de servizos computaranse como trinta días. O resto de días inferiores a trinta que arroxe a anterior operación non será obxecto de consideración para o cómputo na valoración. A efectos do cómputo da experiencia profesional, terase en conta a xornada de traballo fixada e a proporcionalidade que para cada período contractual resulte do informe de vida laboral.*

A puntuación máxima neste apartado será de 5 puntos.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera dos méritos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Si se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

Todos os documentos e informes que se acheguen deberán ser orixinais e cotexaranse no Concello.

Sétima.- Resolución de empates

En caso de empate contratarase a persoa candidata que acredite maior puntuación na valoración da experiencia profesional. De persistir o empate seguirase a orde de maior puntuación nos criterios de valoración das circunstancias sociais e persoais, segundo a orde do criterios establecidos na Base 6ª.1A).

Oitava.- Proposta de contratación

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o Presidente formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, remitíndose a mesma á Xunta de Goberno Local, e sen superar, en ningún caso, o número de prazas convocadas. Esta proposta será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal configurará, igualmente, unha lista cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos das bases reguladoras referido *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia) 2026/2027*, procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato.

No suposto de que a listaxe de agarda se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo do xeito establecido nestas Bases.

Novena.- Resolución e contratación.

Á vista da proposta do Tribunal, a Xunta de Goberno Local resolverá o procedemento selectivo, acordando a contratación dos candidatos seleccionados, de conformidade coa lexislación laboral aplicable.

O Sr. alcalde procederá a asinar cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

A non presentación no posto de traballo, no día e hora indicados, para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Décima.- Réxime Xurídico.

Para o non previsto nestas Bases, ademais do previsto na resolución da axuda e no *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 206/2027 (Plan Máis Provincia)*, rexerán como supletorias: a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; o Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Estatuto Básico de emprego público, e Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, e demais disposicións concordantes.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Undécima.- Incidencias.

A Tribunal de Selección queda autorizado para resolver las dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Décimo segunda.- Impugnación.

Os/as interesados/as poderán impugnala presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

## *4.- CONTRATACIÓN DUNHA (1) TRABALLADORA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026 (LIÑA 3)*

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 4 de marzo do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2026.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente ao perfil profesional de auxiliar administrativo (RS núm. 108, do 04/03/26). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Auxiliar administrativo (oferta núm. [redacted])

- Diéguez Fernández, Estrella
- Panadeiros Barreiro, María Jesús
- Patao Fernández, María Belén

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- Patao Fernández, María Belén (RE núm. 233, do 09/03/26)
- Diéguez Fernández, Estrella (RE núm. 238, do 09/03/26)
- Panadeiros Barreiro, María Jesús (RE núm. 250, do 10/03/26)

O Tribunal de selección previsto nas Bases, reunido os días 17, 23 e 24 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte das candidatas presentadas dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoas ao proceso selectivo.

Rematado o proceso selectivo, as candidatas acadaron a seguinte puntuación:

| CANDIDATA | ENTREVISTA | MÉRITOS | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| MARÍA BELÉN PATAO FERNÁNDEZ | 2,30 | 1,80 | 4,10 |
| MARÍA JESÚS PANADEIROS BARREIRO | 1,50 | 1,85 | 3,35 |
| ESTRELLA DIÉGUEZ FERNÁNDEZ | 2,30 | 0,50 | 2,80 |

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de selección e debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial (20 horas/semana), ata o día 31 de decembro de 2026, da traballadora que deseguido se sinala:

Auxiliar administrativa

| NOME E APELIDOS | DNI |
|---|---|
| MARÍA BELÉN PATAO FERNÁNDEZ | [redacted] |

RESERVAS:

MARÍA JESÚS PANADEIROS BARREIRO

ESTRELLA DIÉGUEZ FERNÁNDEZ

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

*5.- CONTRATACIÓN DUNHA (1) TRABALLADORA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026 (LIÑA 3)*

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 4 de marzo do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2026.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente ao perfil profesional de traballador/a social (RS núm. 113, do 05/03/26). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello as seguintes candidatas:

Traballadora social (oferta núm. [redacted])

- Granja Fernández, Verónica
- Jorge Couto, Ana María

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse ás candidatas preseleccionadas un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación as seguintes candidatas:

- Jorge Couto, Ana María (RE-E núm. 168, do 12/03/26 e RE núm. 272, do 16/03/26)
- Granja Fernández, Verónica (RE-E núm. 170, do 13/03/26)

O Tribunal de selección previsto nas Bases, reunido o día 23 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte das candidatas presentadas dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoas ao proceso selectivo.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Procederon deseguido á valoración dos méritos das candidatas admitidas, co seguinte resultado:

| CANDIDATA | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|
| VERÓNICA GRANJA FERNÁNDEZ | 0,85 |
| ANA MARÍA JORGE COUTO | 2,75 |

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de selección e debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial (25 horas/semana), por un período de oito meses e vinte e seis días, da traballadora que deseguido se sinala:

Traballadora social

| NOME E APELIDOS | DNI |
|---|---|
| ANA MARÍA JORGE COUTO | [redacted] |

RESERVA:

VERÓNICA GRANJA FERNÁNDEZ

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

## *6.- ALTA DE USUARIO NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2025-2026*

VISTA a instancia presentada por Dona Rocío Taboada Presas, con DNI núm. [redacted], veciña do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE núm. 279, do 17/03/26), pola que solicita a alta do seu fillo Xabi Fernández Taboada como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2025-2026, en xornada completa de mañá e tarde.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable emitido, con data 23/03/26, pola educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez, no que acredita que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes na quenda solicitada, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda proceder á alta, como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2025-2026, do menor XABI FERNÁNDEZ TABOADA, en xornada completa, con data de efectos do día 6 de abril do corrente.

## *7.- ALTA DE USUARIO NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF), MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA*

A existencia de horas dispoñibles no SAF, modalidade de libre concorrencia, permite acordar unha nova alta. Segundo a Ordenanza en vigor correspóndelle acceder ao servizo a Don Samba Coumba Ndao, quen require atención urxente por mor de enfermidade grave e ausencia de apoio familiar.

Debidamente informados/as de canto antecede e de conformidade co informe-proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández en data 16/03/26, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Dispoñer a alta na prestación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), modalidade de libre concorrencia, do usuario que deseguido se relaciona:

NOME E APELIDOS: Samba Coumba Ndao

NIE: [redacted]

DOMICILIO: Lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro

FINANCIAMENTO DO SERVIZO: 0,00 €/hora

## *8.- APROBACIÓN DO PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS CORRESPONDENTE AO ANO 2026*

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da aprobación pola extinta Consellería de Traballo e Benestar do Decreto 99/2012, do 16 de

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63, do 30/03/12). Entre os cambios que introduciu o devandito Decreto está a substitución da convocatoria anual de subvencións por un proceso de transferencias anuais que incluirá un anticipo, nos primeiros catro meses do ano, dunha contía equivalente á metade do que os Concellos tiveran recibido o ano anterior. Aos citados efectos o artigo 43.1 do citado texto legal dispón a obrigación anual das Administracións beneficiarias de presentar ante a Consellería competente un proxecto anual dos servizos sociais comunitarios correspondentes ao ano en curso, aprobado polo órgano competente da Administración Local.

Xa que logo, debidamente informados/as de canto antecede e de conformidade co informe emitido pola traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández en data 23/03/26, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto anual dos servizos sociais comunitarios correspondentes ao ano 2026.

Segundo.- Solicitar da Consellería de Política Social e Igualdade unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal por un importe global de TRESCENTOS SEIS MIL NOVECENTOS SESENTA E UN EUROS (306.961,00 €), coa seguinte desagregación:

| CONCEPTO | SUBVENCIÓN SOLICITADA |
|---|---:|
| Traballadora social | 33.630,00 € |
| Educadora social | 16.815,00 € |
| Mantemento | 500,00 € |
| SAF Básico | 50.000,00 € |
| SAF Dependencia | 200.016,00 € |
| Emerxencia social | 5.000,00 € |
| Cooperación social | 1.000,00 € |
| TOTAL | 306.961,00 € |

Terceiro.- Comprometerse a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista, na contía que exceda da concedida no seu caso pola Consellería de Política Social e Igualdade, a través de recursos procedentes de fondos propios, transferencias doutras administracións públicas e achegas dous usuarios dos servizos.

Cuarto.- Aprobar a memoria técnica de organización do Departamento de Servizos Sociais e as memorias técnicas por programas redactadas polos servizos sociais do Concello.

## *9.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)*

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Esperanza Silva González, traballadora laboral fixa do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa laboral por incapacidade temporal (IT), derivada de enfermidade común. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2025, prorrogado a esta data para o ano 2026, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ ADRIANA DROGO ANTOIMA, con NIE núm. [redacted], a tempo parcial (15 horas/semana), en substitución de Esperanza Silva González.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

## *10.- MODIFICACIÓN DE ACORDO DE CESE DA REPRESENTACIÓN FIDUCIARIA DO CONCELLO SOBRE A TITULARIDADE DE PARCELA DE RESULTADO DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO S.UR.ND.I – 1*

ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 10 de abril de 2025, dispúxose o cese do Concello na representación fiduciaria da titularidade da porcentaxe do 8,63 por cento da parcela de resultado número dez (10) do proxecto de compensación do Polígono Único do Sector Único do Solo Urbanizable non Delimitado de Carácter Industrial S.UR.ND.I-1, inscrita no Rexistro da Propiedade de Lalín, no Tomo [redacted].

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

2º.- Asemade, no dito acordo atribuíuse a titularidade da anterior parcela en proindiviso aos/ás propietarios/as e pola porcentaxe de indiviso que nel se consignaban.

3º.- Con data 17 de marzo do corrente (RE-E núm. 181), Don Ramón Otero Rey, con DNI núm. [redacted], solicita a modificación de dito acordo en consideración á alteración sobrevida na propiedade de parte das porcentaxes indivisas da parcela.

4º.- Aos citados efectos, o solicitante acredita a súa pretensión coa achega da seguinte documentación:

- ✓ Escritura de elevación a público de contratos de compravenda de dereitos hereditarios do causante Manuel Rey Lorenzo, outorgada ante o notario de Silleda Don Manuel Barros Gallego en data 31 de decembro de 2025 (protocolo núm. [redacted]). En virtude da mesma, Don Ramón Otero Rey eleva a documento público a adquisición ao seu favor, por compravenda, dos dereitos hereditarios que lle correspondían a Don Julio Ramón Rey Fernández, Don Atilano Vence Rey e Don Augusto Vence Rey, por herdanza de dito causante.
- ✓ Escritura de ratificación da anterior, outorgada por Don Celestino Fernández Miranda, na representación de Don Julio Ramón Rey Fernández, Don Atilano Vence Rey e Don Augusto Vence Rey, ante o notario de Vigo Don José Luis Espinosa de Soto en data 21 de xaneiro de 2026 (protocolo núm. [redacted]).

Considerando o Concello acreditadas as novas titularidades da parcela coa documentación achegada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Modificar parcialmente o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 10 de abril de 2025, de conformidade cos antecedentes anteriormente expostos, manténdose a integridade do non modificado polo presente.

Segundo.- Modificar a atribución da titularidade da parcela inicialmente acordada pola que deseguido se sinala, en proindiviso:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

| PROPIETARIOS/AS PROINDIVISO | DNI | PORCENTAXE DE INDIVISO |
|---|---|---|
| José Antonio Rogel Gutiérrez | [redacted] | 45,68500 |
| Purificación Villanueva García | [redacted] | 45,68500 |
| Ramón Otero Rey | [redacted] | 6,47250 |
| María José Rey Panadeiros | [redacted] | 2,15750 |

Terceiro.- Achegar certificación deste acordo ao Rexistro da Propiedade de Lalín aos efectos que procedan.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á Xunta de Compensación do Polígono Único do Sector Único do Solo Urbanizable non Delimitado de Carácter Industrial S.UR.ND.I-1, así como aos/ás interesados/as.

## *11.- FACTURAS E PAGOS*

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 963,45 €
  Por subministro de diverso material de oficina, s/factura núm. 4/26.

- NATURGY CLIENTES S.A.U. 3.262,87 €
  Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de febreiro de 2026, s/recibos.

- GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. 573,16 €
  Por consumos eléctricos do alumeado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/recibos.

- E.S. ATENEO S.L. 1.475,10 €
  Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 2026/FD/000316 (FACe).

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 168,19 €, 42,00 €, 537,78 € E 49,01 €
  Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7JT0002697, TA7JT0002698, TA7JT0002699 e TA7JT0002703 (FACe).

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- BCR DEZA ENXENEIROS S.L.  7.562,50 €

  Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra incluída no III PEID, s/factura núm. 26024 (FACe).

- RODOIL S.L.  69,43 €

  Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de febreiro de 2026, s/factura núm. 2026/26/000047.

- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U.  50,42 €

  Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de febreiro de 2026, s/factura núm. 26ZNX0034431 (FACe).

- RODOIL S.L.  1.193,80 €

  Por subministro de combustible aos vehículos da brigada  municipal de obras no mes de febreiro de 2026, s/facturas núm. 2026/26/000048, 2026/26/000051, 2026/26/000052, 2026/26/000053, 2026/26/000054, 2026/26/000055 e 2026/26/000056 (FACe).

- RODOIL S.L  53,00 €

  Por lavado do camión de recollida do lixo e subministro de combustible á máquina varredora no mes de febreiro de 2026, s/facturas núm. 2026/26/000049 e 2026/26/000050.

- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A.  6.612,39 €

  Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de febreiro de 2026, s/factura núm. 2026/0528 (FACe).

- PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U.  2.428,91 €

  Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 5626202668000230 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas corenta e cinco minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

| | |
|---|---|
| O secretario, | O alcalde, |
| *(sinatura dixital)* | *(sinatura dixital)* |